



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE ORDES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE ORDES

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de Ordes o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Ordes para contribuír ao financiamento das obras de construción dunha escola infantil no Concello de Ordes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello de Ordes, adherido ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do convenio asinado o 7.6.2018, está a acometer a construción dunha escola infantil de 4 unidades (61 prazas) na rúa Galicia deste concello, co fin de dar resposta á necesidade urxente de prazas para a educación infantil 0-3 neste concello, non dispoñendo o Concello de Ordes de recursos propios suficientes para a execución destas obras de construción

Considerando, pois, que o concello non dispón de recursos propios suficientes para





levar a cabo a referida actuación, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento das obras de construción da escola infantil, posibilitando así unha unha mellor atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos e dando resposta ás necesidade urxente de prazas para a educación infantil 0-3 deste concello.

Considéranse polo tanto idóneo o financiamento das obras de construción da escola infantil nos termos expostos, co fin de acadar unha mellor atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos, dando resposta á necesidade urxente de prazas para a educación infantil 0-3 do Concello de Ordes, para o cal é necesario unir e coordinar os esforzos e recursos de ambas as dúas administracións.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das obras descritas, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese común de posibilitar a atención á necesidade urxente de prazas para a educación infantil 0-3 no Concello de Ordes, dando resposta ás necesidades de conciliación das familias deste concello, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento destas obras, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024 considérase axeitada e fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se*





retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas".

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Ordes para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 400.000 euros, con cargo á partida 11.90.311A.7600 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

